

EDITORIAL

Chegou a primavera, e coma en anos anteriores, florece "Chorima" a revista que con entusiasmo facemos a comunidade escolar do CEIP "Sta. María"

Parece que foi onte cando escribía esta primeira editorial para animarvos a seguir con este proxecto, que non solo segue, senón que mellora cos anos.

Sempre é unha satisfacción para min falar deste centro no que leve trinta anos da miña vida como mestra, e algúns máis como alumna aló nos anos 1956, 1957...

Neste curso contareivos algunhas cousas curiosas do noso querido colexio.

Un 28 de xullo do ano 1929 inaugúrase oficialmente o "Edificio Escolar de As Pontes"

No mes de outubro de 1929 foi alugada a parte alta do edificio como Casino, no que se celebraban actos culturais e festivos ata que no ano 1936 foi ocupado o edificio polo exército.

No 1940 alígase para cine e a partir de 1950 queda como "Escolar" e comenza a ser subvencionada a súa conservación polo Ministerio de Educación.

A partir desta data acontecen varias reformas, a primeira no ano 1965 e a derradeira este ano, na que se puxeron as cubertas e se plantaron as flores no valo que se colocou o curso pasado e que tanto gustou.

Hoxe é un centro adaptado aos nosos tempos e ás novas tecnoloxías pero sen perder o encanto que sempre o caracterizou e que foi o froito do esforzo daqueles

emigrantes das Pontes na Habana, aqueles homes e mulleres que desexaron un futuro mellor para os ponteses e pontesas, aqueles que con gran acerto pensaron que facendo unha escola axudaban a conseguilo.

Hoxe sentíriamse moi orgullosos de que do seu esforzo e adicación nacera o que se chamou Escolar e hoxe é o CEIP "Santa María", un edificio emblemático desta vila un referente histórico importante e un centro de ensino do que están a saír xeracións de rapaces e rapazas que non teñen que emigrar e que se converten en preparados profesionais.

Dende aquí invito a participar neste proxecto xornalístico a todos eses antigos alumnos que queiran colaborar.

Só me queda dicirvos: ¡ánimo! e que a nosa "Chorima" siga a florecer, coma nesta, noutras moitas primaveras.

Atu agarimoso saúdo

Coehé

As nenas e nenos de infantil fomos
à granxa de Belelle:

Fixemos pan



plantamos chícharos e,



montamos en poni.

